

LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

A Lei 9/2017 (DOG de 28-12-2017), que entra en vigor o 1-1-2018, modifica os seguintes Permisos para os/as Empregados/as Públicos/as da Xunta de Galicia:

PERMISO POR PARTO: ampliase de 18 a 20 semanas ininterrompidas.

O número 1 do artigo 121 queda modificado como segue:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de **vinte semanas ininterrompidas**, que se distribuirán á elección da persoa titular do dereito, sempre que **seis semanas** sexan inmediatamente posteriores ao parto».

PERMISO POR ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO: ampliase de 18 a 20 semanas ininterrompidas.

Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de **vinte semanas ininterrompidas**, do cal se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso».

PERMISO DO OUTRO PROXENITOR POR NACEMENTO, ACOLLEMENTO OU ADOPCIÓN DUN FILLO/A (Permiso de Paternidade): ampliase de 29 días a 5 semanas.

Modifícase o número 1 do artigo 124, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de **cinco semanas ininterrompidas** de duración, do cal se fará uso a partir da data do nacemento, da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción. Nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración deste permiso incrementárase **nunha semana máis**»

IMPORTANTE:

Tal e como establece a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, a nova duración destes permisos serán de aplicación tamén a quen os estean disfrutando no momento da entrada en vigor desta Lei (é dicir, o 1-1-2018).

Sindicato Nacional de Ensino Público